


Un roteiro da AELG lembrará o barrio do Papagaio de Luísa Villalta

Maribel Longueira e Francisco X. Fernández Naval explicarán o traballo 'O Papagaio sen chave e sen tempo'.



Maribel Longueira e Francisco X. Fernández Naval (Foto: Daniel Fernández).



Redacción 03/xuño/24

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/roteiro-da-aelg-lembrara-barrio-do-papagaio-luisa-villalta/20240603222553199363.html>

A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) realizará o 8 de xuño o Roteiro *O Papagaio sen chave e sen tempo* (Un paseo a carón de Luísa Villalta).

A iniciativa, con saída desde o **Museo Casares Quiroga** ás 12 horas, estará guiada por **Maribel Longueira e Francisco X. Fernández Naval** e quere dar a coñecer o popular barrio da Coruña.

Fernández Naval explica a *Nós Diario* que a proposta xorde por ser un lugar no "que a propia María Casares explicaba que se podían ver todos os prostíbulos da cidade". A ruta afondará na publicación Papagaio de **Maribel Longueira e Luís Villalta** coa que realizaron unha crónica fotográfico-poética da súa transformación.

"Sempre foi un espazo de mulleres", comenta Fernández Naval, "alí estiveron tamén María Miramontes e Ánxel Casal mais tamén o convento das Capuchinas e o hospital que construíu Teresa Herrera", engade.

Durante o percorrido tamén intervirá Maribel Longueira para explicar, no propio lugar, como traballou para realizar o libro xunto con Luís Villalta, a poeta homenaxeada este ano coa Letras Galegas.